Marea Laranxa. Fonte: Europa Press

A educación como instrumento de benestar nos servizos sociais

REVISTA GALEGA DE
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932
Páx. 12-15

Laura Varela Crespo

Carmen Morán de Castro

Grupo de investigación en Pedagoxía Social e Educación Ambiental

USC

laura.varela@usc.es

carmen.moran@usc.es

Desde a súa conformación como un Estado social, democrático e de dereito na Constitución española de 1978 e o recoñecemento da competencia das comunidades autónomas en materia de servizos sociais nos Estatutos de autonomía, o estado de benestar no contexto español experimentou múltiples transformacións que sitúan os servizos sociais como un piar fundamental na garantía da calidade de vida da cidadanía. Destaca nesta traxectoria a aprobación en 1988 do *Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais* por iniciativa do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, que articulou a estreita coordinación entre os niveis central, autonómico e local da Administración, co fin de garantir uns servizos sociais básicos para toda a poboación.

O Plan previa a creación dunha rede pública de equipamentos nos diferentes territorios para o desenvolvemento das prestacións básicas recoñecidas: a información e orientación, como garantía do dereito á igualdade de oportunidades no acceso aos recursos sociais existentes; a axuda a domicilio e outros apoios á unidade de convivencia ou, de ser preciso, o aloxamento alternativo que permitan manter un nivel de calidade na

convivencia persoal favorecedor da realización persoal e da autonomía; a prevención e inserción, como requirimentos para a integración social na contorna posibilitando condicións persoais e sociais para a participación na vida comunitaria; e a cooperación e fomento da solidariedade que potencien a responsabilidade diante das necesidades e problemas sociais e o seu enfrontamento. Prestacións universais ás que calquera cidadán, con independencia do seu lugar de residencia e situación socioeconómica, debería ter acceso, pero que a realidade do último decenio -como consecuencia da crise estrutural e política- foi sumindo na néboa ao reducirse progresivamente o orzamento do devandito Plan Concertado.

Desde a primeira xeración de leis de servizos sociais na década dos 80 que integran estas prestacións básicas, ata as promulgadas a principios de novo milenio foise avanzando na descentralización, na universalización e na garantía de acceso aos servizos sociais como un dereito subxectivo, ata definirse na actual *Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia* como instrumentos "de prevención da discriminación e da exclusión, e medio de realización dos dereitos básicos da cidadanía".

Para este fin o concurso da educación foise considerando como un dos factores imprescindibles: Max-Neef (1993) defínea como o satisfactor sinérxico por excelencia ao posibilitar tomar conciencia das situacións de discriminación e ao activar as potencialidades persoais e grupais que impulsen o seu enfrontamento e a súa transformación. Doyal e Gough (1998) sinalan como necesidades humanas básicas fundamentais a saúde e a autonomía persoal, e relacionan intimamente esta última coa educación. Unha educación que favoreza a comprensión de si mesmo, da propia cultura e do papel que nela podemos desenvolver; que capacite para crear opcións propias e para analizar e comprender as posibilidades e límites obxectivos para actuar ou non.

Claramente pode deducirse o requirimento da acción educativa e o concurso das profesións educadoras no marco dos servizos sociais. Unha educación que favoreza procesos de optimización, de cambio na situación vital, de mellora, de progreso na autonomía persoal e colectiva pero tamén de cohesión, integración e solidariedade. Concibida, pois, como medio para superar os vellos parámetros da subordinación, dependencia e cronificación dos problemas sociais que xeran as políticas e prácticas asistencialistas propias da beneficencia. A Lei recolle de maneira explícita a transformación do eixe: de actuacións graciables e discrecionais ao exercicio de dereitos universais e obxectivos da cidadanía. E, inevitablemente, a educación como soporte para a capacitación no recoñecemento, asunción, mantemento e ampliación dos mesmos.

Para a articulación funcional dos obxectivos previstos establécense dous niveis de actuación: os servizos sociais comunitarios (básicos e específicos) e os servizos sociais especializados. Os servizos sociais comunitarios básicos teñen un carácter local, aberto e polivalente constituíndo a canle normal de acceso ao sistema de servizos sociais, mentres que os servizos sociais comunitarios específicos -sen prexuízo da orientación polivalente e preventiva do nivel comunitario- oriéntanse a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social ou servindo como espazo de tránsito a un servizo especializado. Será naquelas situacións e sectores de poboación que demandan unha maior especialización técnica, unha especial intensidade da intervención ou o seu carácter supramunicipal, nas que se accede á atención especializada.

A delimitación dos principios básicos das actuacións educativas que se desenvolven nos servizos sociais remite ao conxunto de principios xerais que se estableceron para este sistema de benestar social. Segundo a *Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia*, pode afirmarse que os procesos e accións educativas deben orientarse polos seguintes principios-guía, que concretamos desde un enfoque crítico e comunicativo da educación:

- Universalidade, cambiando o foco da atención exclusiva a colectivos marxinados, ao conxunto da cidadanía como potenciais destinatarios das actuacións nos servizos sociais en calquera etapa e circunstancia do ciclo vital.
- Prevención, anticipándose a escenarios de vulnerabilidade e risco e reforzando a capacidade para conducir a propia vida de forma responsable.
- Igualdade, desenvolvendo unha acción educativa a favor das diversidades, especialmente das que teñen maiores dificultades para ser recoñecidas, e contra calquera tipo de discriminación.
- Acción integral e personalizada, respectando e preservando os dereitos, dignidade e intimidade da persoa, avaliando cada circunstancia desde unha perspectiva ecolóxica, e ofrecendo propostas educativas de calidade que fagan realidade as posibilidades ilimitadas de superación que encerra todo ser humano.
- Autonomía persoal e vida independente: desde a confianza nas capacidades e o apoio nas potencialidades favorecer procesos de aprendizaxe que lles permitan ás persoas tomar libre-

mente as propias decisións e actuar de maneira independente, en diversos contextos e ámbitos da vida.

• Participación, desenvolvendo procesos educativos que fomenten a implicación, a colaboración, a asunción de responsabilidades, a adquisición de habilidades sociais para a comunicación e o intercambio, propias dos escenarios da educación democrática.

• Integración e normalización, poñendo en valor e posibilitando a expresión da enorme riqueza das diferenzas. Favorecendo a inserción social desde o propio contorno e características persoais, familiares e/ou grupais nas que se desenvolve a vida cotiá.

• Globalidade e coordinación, situándose nas problemáticas sociais desde a complexidade que as caracteriza, e atendendo á visión de conxunto e coordinada que require a súa abordaxe. A persoa, a familia, inmersa nun proceso educativo precisa da visión compartida e de calidade do conxunto de axentes que nel participen desde diversas instancias.

• Avaliación e planificación, partindo da análise minuciosa das situacións, das necesidades obxectivas da cidadanía. Revisando os procesos e atendendo ás novas necesidades que emanan dos seus dinamismos; incorporando novas propostas, retroalimentando logros, xerando novas expectativas... nun proceso permanente de acción-reflexión.

Os principios expostos sustentan un enfoque pedagóxico que, en base a unha acción educativa intencional e corresponsable, deben afianzar a condición de cidadán *versus* á de beneficiario. É dicir, fronte á actuación educativa entendida como intromisión, inxerencia, coerción etc., predominante no modelo benéfico-asistencial da época pre e industrial, os servizos sociais do século XXI deben constituír unha valiosa canle para a mediación, a axuda e a cooperación (Carballeda, 2002), facilitando oportunidades orientadas ao desenvolvemento individual e social das persoas e á mellora da súa calidade de vida desde unha perspectiva de xustiza social.

Dada a complexidade das actuacións que se levan a cabo, as e os profesionais da educación nos servizos sociais traballan na proximidade e desde a flexibilidade, implicándose nas realidades que viven as persoas e posibilitando accións socioeducativas transformadoras. Actuacións cotiás que son o resultado dun proceso de aprendizaxe no que o educando -e tamén quen educa- vai adquirindo e reforzando habilidades, capacidades e competencias que lle posibilitan gañar progresivamente maiores cotas de autonomía: desenvolver un proxecto de vida autónomo, fortalecer os lazos sociais, avanzar en habilidades básicas para a vida dia-

Fonte: Tusita Estudio

ria, lograr ou reforzar formación laboral etc.

No desenvolvemento deste proceso resulta ineludible que a/o profesional sexa recoñecido e respectado como referente e apoio relevante para o enfrontamento da situación. Tamén, que sexa aceptado profesional e emocionalmente, establecéndose entre ambas as dúas partes un vínculo no que se sustentan as posibilidades dunha acción educativa de calidade. Durante o acompañamento socioeducativo a/o profesional irá acomodando o foco de atención ás dimensións individual, grupal e comunitaria; tres dimensións clásicas da intervención socioeducativa interdependentes e complementarias.

Como parte dos equipos interprofesionais dos servizos sociais, as e os profesionais da educación deben velar pola garantía do conxunto de deberes e dereitos recoñecidos ás persoas que acceden aos servizos, programas, equipamentos e/ou prestacións (*Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento*). Que as persoas reciban unha atención individualizada, transmitíndolles a información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible, realizando un tratamento confidencial da información, respectando a súa dignidade, intimidade e autonomía etc. atinxe dun modo directo ao quefacer profesional de quen leva a cabo un labor educativo neste ámbito de actuación.

É, en suma, unha responsabilidade política e profesional transformar a vella imaxe dos servizos sociais -reforzada desde o inicio da Gran Recesión no 2007- como centros expendedores de prestacións, para avanzar na promoción e desenvolvemento de procesos educativos que lles permitan ás persoas participar activamente na mellora da súa calidade de vida, incrementando a corresponsabilidade do conxunto de actores e axentes sociais do territorio. Porque neste marco é indispensable o establecemento dun traballo colaborativo entre o persoal técnico da Administración local (servizos sociais prioritariamente), da educación escolar (o profesorado), da sanidade (centros de saúde) e da iniciativa cidadá (terceiro sector, voluntariado...), co fin de garantir unha atención coherente e globalizada.

Non cabe dúbida que recuperar a función educativa resulta esencial sempre, e crucial no actual escenario de crise; unha función relegada, baixo políticas de austeridade -ou austericidio como tan ben expresan Stuckler e Sanjay (2014)-, polo incremento das tarefas de xestión propias da lóxica da urxencia. Un reto que xunto cunha forte aposta polas políticas públicas de benestar, esixe tamén unha transformación profunda das culturas profesionais e o impulso de experiencias comunitarias que potencien o traballo en rede e a colaboración entre responsables políticos, técnicos e cidadanía na garantía do benestar social no eido local.

BIBLIOGRAFÍA

- Carballeda, A. J. (2002). *La intervención en lo social. Exclusión e integración de los nuevos escenarios sociales.* Barcelona: Paidós.

- Doyal, L. e Gough, I. (1994). *Teoría de las necesidades humanas.* Barcelona: Icaria editorial.

- Max-Neef, M. (1998). *Desarrollo a escala humana.* Barcelona: Icaria editorial.

- Stuckler. D. e Sanjay, B. (2014). *El coste humano de las políticas de recorte. Por qué la austeridad mata.* Madrid: Taurus.

- Varela, L. (2015). Los profesionales de la Educación Social en los servicios sociales comunitarios: un estudio de casos. *Estudios sobre Educación*, 29, pp. 61-80.